

XUVENTUDE

CURSOS CONCURSOS OBRADOIROS

1º Cuatrimestre Xaneiro - abril

2020



CONCELLO
DE SOUTOMAIOR



omix@soutomaior.com
986 700 822
www.soutomaior.gal



Boletín
Informativo
Xuvenil

FORMACIÓN



Curso Preparatorio Obtención ESO

Inscripcións ata: **24 Xan 2020**

Datas do: 28 de xaneiro a 28 de maio
de 2020

Traballaremos os contidos que se integran no programa de educación de persoas adultas coa finalidade de prestar un apoio ás persoas interesadas en presentarse aos exames das probas libres para a ESO convocados pola Xunta de Galicia.

- **Lugar actividade:** Multiusos de Arcade
- **Horarios:** martes e xoves de 18,30 a 20,30 h
- **Destinatarios:** 18 e + máis anos
- **Prazas:** 25 prazas
- **Documentos a entregar:** resgardo bancario do pago
- **Lugar de entrega:** na OMI X ou a omix@soutomaior.com
- **Custe empadroados/as:** 30€
- **Custe NON empadroados/as:** 60€

● **Forma de pago:**

1º COTA: XANEIRO... 15 €/30€

2º Cota: ABRIL... 15 €/30€

Tamén se pode ingresar nun único pago.



Curso de caixa - reposición (60 h)

(20 teóricas + 40 prácticas en empresa)

Inscripcións ata: **12 Feb 2020**

Datas do: 17 de febreiro a 28
de febreiro parte teórica e primeiras semanas de
marzo parte práctica.

Obxectivos: aprender a efectuar o peche dunha operación de venda. Aprovisionar o punto de venda, animalo e mantelo operativo. Preparar a caixa, rexistrar e cobrar operacións.

Contidos: Aprovisionamento e almacenaxe na venda. Xestión de stocks e inventarios. Almacenaxe e distribución interna de produtos. Animación e presentación do produto no punto de venda. Organización do punto de venda. Animación básica no punto de venda. Presentación e empaquetado de produtos para a venda. Operacións de caixa na venda. Caixa e Terminal Punto de Venda.

- **Lugar actividade:** Multiusos de Arcade

- **Datas e horarios:** 17,19,21,26,28 febreiro parte teórica de 09.30 a 13.30 h. O inicio das prácticas será cando remate a parte teórica en marzo en xornadas de 4 h/día e realizarase nunha empresa en Pontevedra. O desprazamento correrá a cargo do alumno/a. Os horarios serán ou de mañá ou de tarde. Isto acordarase co alumnado durante o curso.
- **Destinatarios:** 16 e + máis anos (menores con autorización).
- **Prazas:** 15 prazas
- **Documentos a entregar:** resgardo bancario do pago
- **Lugar de entrega:** na OMIX ou a omix@soutomaior.com
- **Custe empadroados/as:** 15€
- **Custe NON empadroados/as:** 45€
- **Forma de pago:** Pago único



Curso oficial de Monitor/a de Tempo Libre (350 h)

(200 h teórico/prácticas + 150 h prácticas en empresas)

Inscripcións ata: 2 marzo 2020

Datas do: 6 de marzo a 30 de maio

Contidos: os contidos básicos recollidos no Decreto 50/2000 do curso oficial de monitores/as de tempo libre de Xunta. Inclúe saídas, visitas, actividades culturais, practicas durante a formación, etc. O curso consta de 200 h teórico prácticas e 150 h prácticas nunha entidade ou campamento xuvenil. Poderanse realizar prácticas nas actividades municipais. Haberá unha pernocta de fin de semana para a área de aire libre e participarase nunha actividade práctica con destinatarios/as.

- **Datas:** 6,7,13,14,20,21,27,28 de marzo; 3,4,17,18,24,25, abril; 1,2,8,9,15,16,22,23,29,30 maio. Tendo clase os días 19 de marzo e 1 de maio (09:00 a 14:00 h. e de 15:30 a 20:30 h)
- **Lugar actividade:** Multiusos de Arcade.
- **Horarios:** venres de 16.30 a 21.30 h. Sábados de 09:00 a 14:00 h. e de 15:30 a 20:30 h.
- **Destinatarios:** 18 e + máis anos
- **Prazas:** mínimo 15 e máximo 25 prazas
- **Documentos a entregar:** Resgado bancario do pago,, fotocopia de DNI, foto tamaño carné, fotocopia de título ESO/EXB, fotocopia de tarxeta sanitaria.o
- **Lugar de entrega:** na OMIX ou a omix@soutomaior.com
- **Custe empadroados/as:** 130€
- **Custe NON empadroados/as:** 212€

- **Forma de pago:** o pago poderá fraccionarse 50% pagaríase no momento da inscrición e o 50% restante antes do 10 de abril de 2020. Tamén se pode pagar todo xunto.



Curso de Expendedor/a de combustible en gasolinera (60 h)

(20 teóricas + 40 prácticas en empresa)

Inscripcións ata: 11 Mar 2020

Datas do: 17 de marzo a 2 de abril parte teórica e despois de Semana Santa parte práctica.

Obxectivos: Aplicar a normativa de seguridade nas estacións de servizo. Previr e evitar os riscos máis habituais no desenvolvemento da actividade. Controlar carburantes, equipos e instalacións.

Contidos: Seguridade na Estación de Servizo. Siniestralidade. Obrigas, dereitos e responsabilidades. Características da gasolina e do gasóleo. Elementos e útiles. Zonas clasificadas. Operacións en pista. Control de carburantes. Equipos e instalacións (revisións, probas e inspeccións periódicas). Área de lavado. Punto de venda. Casos reais e leccións aprendidas.

- **Lugar actividade:** Multiusos de Arcade
- **Datas e horarios:** 17,24,26,31 de marzo e 2 de abril parte teórica de 16.00 a 20.00 h. O inicio das prácticas será cando remate a parte teórica en marzo en xornadas de 4 h/día e realizarase nunha empresa en Pontevedra. O desprazamento correrá a cargo do alumno/a. Os horarios serán ou de mañá ou de tarde. Isto acordarase co alumnado durante o curso. Para as prácticas o alumnado debe levar obrigatoriamente botas de seguridade.
- **Destinatarios:** 16 e + máis anos (menores con autorización).
- **Prazas:** 15 prazas
- **Documentos a entregar:** resgardo bancario do pago
- **Lugar de entrega:** na OMIX ou a omix@soutomaior.com
- **Custe empadroados/as:** 15€
- **Custe NON empadroados/as:** 45€
- **Forma de pago:** Pago único



Curso de carretillas elevadoras (16 h)

Inscripcións ata: **16 Abril 2020**

Datas do: 21 a 25 de abril de 2020

Contidos: Os básicos sobre o funcionamento da carreta elevadora, as normas de seguridade, etc. A formación será teórica e prácticas en empresa para o manexo.

- **Lugar actividade:** Multiusos de Arcade
- **Datas e horarios:** 21 e 23 de abril parte teórica de 15.30-20.30 h / sábado 25 de abril de 08.30 a 14.30 h parte práctica que consta de 6 horas e realizarase nunha empresa en Pontevedra. O desprazamento correrá a cargo do alumno/a.
- **Destinatarios:** 16 e + máis anos (menores con autorización)
- **Prazas:** 15 prazas
- **Documentos a entregar:** resgardo bancario do pago
- **Lugar de entrega:** na OMIX ou a omix@soutomaior.com
- **Custe empadroados/as:** 6€
- **Custe NON empadroados/as:** 18€
- **Forma de pago:** Pago único



Comparsa Municipal de Entroido

Inscripcións ata: **6 Febreiro 2020**

Datas do: 8 febreiro a 1 de marzo

Participa na creación da comparsa municipal para o desfile: confección de disfraces, coreografía – bailes - música e caracterización. A temática será moi divertida, creativa e interactiva.

Desenvolvemento: o primeiro día exporase o tema deste ano para que cada participante partindo duns deseños previos poida escoller o seu disfraz e personaxe. O tema deste ano permitirá escoller entre

varias personaxes. As monitoras encargaranse de realizar a parte máis técnica do disfraz para que sexa sinxela a actividade.

- **Lugar actividade:** Multiusos, Arcade
- **Horarios:**
 - Sábado 8 de febreiro 11,00 a 12,30 h
 - Sábado 15 de febreiro 11,00 a 12,30 h
 - Luns 24 de febreiro 11,00 a 12,30 h
 - Mércores 26 de febreiro 11,00 a 12,30 h
 - Sábado 29 de febreiro 11,00 a 12,30 h
 - Domingo 1 de marzo - 16.00 concentración dos compoñentes da comparsa no cruce do Viso na rúa Calvario, para o desfile por Arcade. A comparsa irá acompañada cunha animación de rúa. *O desfile chegará a Talo Río arredor das 18 h.*
- **Destinatarios:** Todas as idades e + máis anos (menores de 5 anos acompañados/as)
- **Prazas:** 40



XIII Concurso Verbas para... comunicar

Inscripcións ata: **8 Maio 2020**

Datas do: 17-05-2020 ó 17-05-2020

Obxectivos: promover o uso da lingua galega entre a mocidade e conmemorar o día das Letras Galegas.

Modalidades:

1) **Redacción:** dun texto en lingua galega que transmita unha idea, sentimento, opinión, etc., Só presentación individual. O tamaño do texto non poderá ser superior ás 12 liñas.

O soporte será o papel ou cartolina e o seu tamaño non poderá superar un folio A4, pero si poderá ser inferior a este. O formato de presentación do papel ou cartolina será libre.

2) **Audiovisual:** elaboración dun vídeo (curta) ou audio (tema musical) cunha duración máxima de 5 minutos. Pode presentarse de xeito individual ou grupal (2 ou 3 persoas). Presentar en USB. Pode ser gravado con móbil ou cámara.

